



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE

Expte: 2020000034715

Ref: PEL- REACTIVA/ 2020 Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO, ADHERIDO AO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, PEL- REACTIVA

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

O CONCELLO DE PONTECESO, presentou unha solicitude de ampliación do prazo de xustificación do concello á Deputación.

Vistos os antecedentes sinalados así como a normativa de aplicación,

RESOLVO:

Aprobar a ampliación solicitada polo CONCELLO DE PONTECESO, establecendo como data límite para a xustificación á Deputación, o **31 de outubro de 2021**.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.